

## RESUMEN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS EDUCACIÓN PRIMARIA

Este documento ten coma finalidade dar a coñecer ao alumnado e a comunidade educativa en xeral a información básica relativa a Programación Didáctica dos distintos Ciclos para o **CURSO 2009/2010**, en cumprimento da lexislación vixente:

- Decreto 7/1999 que regula o funcionamento dos Centros Públicos Integrados artigo 24.g
- Orde do 15 de xuño do 2009, artigo 9 punto 4

ÁREAS
Coñecemento do Medio
Lingua Castelá e Literatura
Lingua Galega e Literatura
Matemáticas

### 2º CICLO.

### 3º PRIMARIA

## COÑECEMENTO DO MEDIO

### 1.-CONTIDOS

#### 1.1 Primeira avaliación

- 1: **O NOSO CORPO.** 1.<sup>a</sup> quincena de outubro
- 2: **OS SENTIDOS.** 2.<sup>a</sup> quincena de outubro
- 3: **O NOSO CORPO.** 1.<sup>a</sup> quincena de novembro
- 4: **OS ANIMAIS VERTEBRADOS.** 2.<sup>a</sup> quincena de novembro
- 5: **OS ANIMAIS INVERTEBRADOS.** 1.<sup>a</sup> quincena de decembro

✚ **DATAS APROXIMADAS DAS PROBAS:** Unha proba cada dúas unidades didácticas.

✚ **MÍNIMOS ESIXIBLES:**

Recoñece as partes do seu corpo.

Coñece algúns órganos internos.

Sabe que todos somos diferentes, pero temos os mesmos dereitos.

Coñece a función dos ósos, das articulacións e dos músculos.

Enumera as etapas da vida.

Describe fisicamente outras persoas e a si mesmo.

Coñece os órganos dos sentidos.

Recoñece en ilustracións as principais partes do ollo e do oído.

Explica como participa o cerebro na percepción.

Comprende para que serve a nutrición e sabe como a levan a cabo os animais e as plantas.

Comprende que é a función de relación e sabe como a realizan os animais e as plantas.

Comprende para que serve a función de reprodución e sabe que pode ser reprodución sexual ou non-sexual.

Coñece as vantaxes e as desvantaxes das sementes e dos gallos como forma de reproducir unha planta.

Enumera os cinco grupos de animais vertebrados.

Enumera as características principais de cada un dos grupos de vertebrados.

## 1.2 Segunda avaliación

**6: AS MÁQUINAS.** 2.<sup>a</sup> e 3.<sup>a</sup> semana de xaneiro

**7: O PLANETA TERRA.** Última semana de xaneiro e 1.<sup>a</sup> semana de febreiro

**8: A AUGA.** 2.<sup>a</sup> e 3.<sup>a</sup> semanas de febreiro

**9: O AIRE E O TEMPO ATMOSFÉRICO.** Última semana de febreiro e 1.<sup>a</sup> semana de marzo.

**10: AS PAISAXES.** 2.<sup>a</sup> e 3.<sup>a</sup> semanas de marzo

✚ **DATAS APROXIMADAS DAS PROBAS.** Unha cada dúas unidades didácticas

✚ **MÍNIMOS ESIXIBLES**

Identifica máquinas no seu contorno.

Enumera diversas utilidades das máquinas.

Recoñece algunhas máquinas simples como a roda, o plano inclinado e a panca.

Usa as máquinas dun modo seguro.

Describe os movementos de rotación e translación da Terra e o de translación da Lúa.

Relaciona os movementos da Terra e da Lúa coa sucesión do día e a noite, as estacións e as fases lunares.

Recoñece nun mapamundi os océanos e os continentes.

Identifica cambios de estado da auga e noméaos.

Describe o ciclo da auga e sinala os cambios de estado da auga e tamén os cambios de posición.

Identifica os elementos que determinan o tempo e o clima.

Coñece os instrumentos que se empregan para medir o tempo.

Coñece os cambios de tempo de cada estación.

Distingue as principais características das paisaxes de montaña, de chaira e de costa.

Sabe definir que é un río e coñece as súas partes.

Relaciona cada parte do curso dun río coas súas características.

## 1.2 Terceira avaliación

**11: A LOCALIDADE E A POBOACIÓN.** 1.<sup>a</sup> quincena de abril.

**12: OS TRABALLOS.** 2.<sup>a</sup> quincena de abril.

**13: O TRABALLO E OS SERVIZOS.** 1.<sup>a</sup> quincena de maio.

**14: AS INSTITUCIÓNS DA LOCALIDADE.** 2.<sup>a</sup> quincena de maio.

**15: COÑECER O PASADO.** 1.<sup>a</sup> quincena de xuño.

 **DATAS APROXIMADAS DAS PROBAS:** Unha cada dúas unidades didácticas.

### **MÍNIMOS ESIXIBLES**

Diferencia unha vila dunha cidade.

Localiza rúas e edificios no plano dunha localidade.

Diferencia entre poboación rural e poboación urbana.

Diferencia entre emigrante e inmigrante.

Comprende a situación das persoas emigrantes.

Enumera e explica algunhas tarefas agrícolas e gandeiras.

Diferencia entre materias primas e produtos elaborados.

Distingue distintos tipos de industrias.

Coñece a importancia dalgún produto agrícola propio da súa comunidade autónoma.

Sabe que son os servizos e coñece os diferentes tipos que hai.

Explica que é o comercio e que persoas interveñen nel.

Sabe que son os medios de transporte e distingue entre públicos e privados.

Sabe que son os medios de comunicación e diferencia os distintos tipos que existen.

Sabe que é a publicidade e cal é a súa finalidade.

Distingue as funcións do alcalde e dos concelleiros.

Clasifica os servizos municipais e explica en que consisten algúns deles.

Coñece o proceso das eleccións municipais.  
Diferenza entre pasado, presente e futuro.  
Diferenza entre historia persoal e historia da localidade.  
Coñece distintas unidades de medida do tempo histórico.  
Comprende e interpreta unha liña do tempo.  
Coñece algúns monumentos da súa comunidade.

## LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

### 1.-CONTIDOS

#### 1.1 Primeira avaliación

1.
  - *Lectura: Un lapiz en apuros*
  - *Vocabulario: O abecedario.*
  - *Ortografía: O punto e a maiúscula.*
  - *Gramática: A letra e a sílaba.*
  - *Expresión escrita: A lingua escrita.*
  - *Expresión oral: A lingua oral. Segunda quincena de setembro. Primeira semana de outubro.*
2.
  - *Lectura: El lenguaje animal*
  - *Vocabulario: Palabras sinónimas.*
  - *Ortografía: A sílaba tónica. O guión.*
  - *Gramática: A palabra.*
  - *Expresión escrita: Construír oracións.*
  - *Expresión oral: Contar unha historia. Segunda e terceira semana de outubro.*
3.
  - *Lectura: Una pompa viajera*
  - *Vocabulario: Palabras antónimas.*
  - *Ortografía: Signos de consulta e de exclamación.*
  - *Gramática: A oración.*
  - *Expresión escrita: Escribir instrucións.*
  - *Expresión oral: Dar instrucións. Última semana de outubro. Primeira quincena de novembro.*
4.
  - *Lectura: Una gallina con personalidad*
  - *Vocabulario: Palabras polisémicas.*
  - *Ortografía: O uso das maiúsculas. As letras c e qu.*
  - *Gramática: O nome.*
  - *Expresión escrita: Describir un animal.*
  - *Expresión oral: Describir con xestos. Segunda e terceira semanas de novembro.*
5.
  - *Lectura: Vitaminas*

- *Vocabulario*: Nomes de parellas.
- *Ortografía*: A coma. O r e o rr.
- *Gramática*: O adxectivo.
- *Exposición escrita*: A noticia.
- *Exposición oral*: Facer un noticiario. **Última semana de novembro. Primeira semana de decembro.**

✚ **DATAS APROXIMADAS DAS PROBAS**: Unha cada dúas unidades didácticas.

✚ **MÍNIMOS ESIXIBLES:**

- Saber o nome das letras e a súa orde alfabética.
- Distinguir as sílabas e as letras que forman unha palabra.
- Utilizar as maiúsculas ao comezo dun escrito e detrás de punto.
- Saber identificar sinónimos propios do vocabulario básico.
- Saber ampliar unha oración.
- Distinguir sílaba tónica de sílaba átona e dividir unha palabra en sílabas.
- Substituír palabras propostas por antónimos.
- Comprender e dar instrucións.
- Utilizar correctamente os signos de consulta e de exclamación.
- Ler co ton axeitado os textos propostos.
- Facer unha relación de nomes propios de animais famosos para practicar a descrición de animais.
- Comprender que é a definición nun dicionario.
- Identificar parellas de palabras distintas que expresan oposición de xénero.
- Usar correctamente a coma na enumeración e o r, rr en palabras sinxelas.
- Identificar os adxectivos e usalos.
- Identificar noticias e lelas oralmente co ton axeitado.

## 1.2 Segunda avaliación

6.

- *Lectura*: *Madre... no me riñas*
- *Vocabulario*: Frases feitas.
- *Ortografía*: Palabras rematadas en **-d** ou en **-z**.
- *Gramática*: O xénero e o número. **Segunda e terceira semanas de xaneiro.**

7.

- *Lectura*: *La tienda del gato negro*
- *Vocabulario*: Palabras derivadas (I).
- *Ortografía*: Palabras rematadas en **-illo** e **-illa**. A **m** antes de **p** e de **b**.
- *Gramática*: O artigo.
- *Exposición escrita*: Describir un obxecto.
- *Exposición oral*: Observar e describir. **Última semana de xaneiro. Primeira semana de febreiro.**

8.

- *Lectura*: *Una de piratas*
- *Vocabulario*: Palabras derivadas (II).
- *Ortografía*: Palabras con **br** e **bl**.
- *Gramática*: O determinante demostrativo.

- *Expresión escrita:* A narración (I).
- *Expresión oral:* Saber facer preguntas. **Segunda e terceira semanas de febreiro**

**9.**

- *Lectura:* *La contaminación*
- *Vocabulario:* Prefixos **des-** e **in-**.
- *Ortografía:* Palabras con **h**. A **c** e a **z**.
- *Gramática:* Os determinantes posesivos.
- *Expresión escrita:* A carta.
- *Expresión oral:* Interpretar imaxes. **Ultima semana de febreiro. Primeira semana de marzo.**

**10.**

- *Lectura:* *Juana Calamidad*.
- *Vocabulario:* Diminutivos.
- *Ortografía:* A letra **g**.
- *Gramática:* O pronome.
- *Expresión escrita:* O cómic.
- *Expresión oral:* Contar unha anécdota. **Segunda e terceira semanas de marzo.**

✚ **DATAS APROXIMADAS DAS PROBAS:** Unha cada dúas unidades didácticas.

#### ✚ **MÍNIMOS ESIXIBLES**

- Expresar o significado de frases feitas usadas habitualmente.
- Escribir correctamente palabras rematadas en **-d** ou en **-z**.
- Distinguir as palabras polo seu xénero e polo seu número.
- Identificar en poesías infantís as palabras que riman.
- Recitar poesías con ritmo, ton e expresividade.
- Distinguir as terminacións **-ero**, **-era** e **-ería** en exemplos.
- Escribir correctamente palabras rematadas en **-illo** e **-illa** e palabras cos grupos **mp** e **mb**.
- Coñecer os artigos e escribilos diante de nomes respectando as normas de concordancia.
- Realizar sinxelas descrições de lugares e obxectos cotiáns.
- Recoñecer palabras derivadas estudadas.
- Escribir correctamente palabras cos grupos **bl** e **br**.
- Utilizar axeitadamente os diferentes determinantes demostrativos.
- Recoñecer os indicadores do tempo nos textos narrativos.
- Formar antónimos utilizando os prefixos **des-** e **in-**.
- Escribir correctamente palabras que empezan por **hie-** e **hue-** e as que levan as letras **c** ou **z**.
- Recoñecer os determinantes posesivos e numerais.
- Distinguir os elementos esenciais dunha carta.
- Distinguir diminutivos rematados en **-ito**, **-ita**, **-illo** e **-illa**.
- Escribir correctamente os sons **ga**, **gue**, **gui**, **go** e **gu**.
- Recoñecer o pronome persoal.

## 1.2 Terceira avaliación

### 11.

- *Lectura:* Fábulas
- *Vocabulario:* Aumentativos.
- *Ortografía:* Verbos con **h**.
- *Gramática:* O verbo.
- *Expresión escrita:* A narración (II).
- *Expresión oral:* Contar un final. **Primeira quincena de abril.**

### 12.

- *Lectura:* ¿Que es una mala hierba?
- *Vocabulario:* Palabras compostas.
- *Ortografía:* Verbos que rematan en **-aba, -abas...**
- *Gramática:* Pasado, presente e futuro.
- *Expresión escrita:* Explicar algo.
- *Expresión oral:* Expoñer un tema. **Segunda quincena de abril.**

### 13.

- *Lectura:* *Tormenta de otoño*
- *Vocabulario:* Familia de palabras.
- *Ortografía:* Verbos rematados en **-bir**.
- *Gramática:* Suxeito e predicado.
- *Expresión escrita:* Describir unha persoa.
- *Expresión oral:* Describir un cadro. **Primeira quincena de maio.**

### 14.

- *Lectura:* *Un día lleno de sorpresas*
- *Vocabulario:* Campo semántico.
- *Ortografía:* Verbos rematados en **-ger, -gir**.
- *Gramática:* Clases de oracións.
- *Expresión escrita:* O diálogo.
- *Expresión oral:* Dramatizar. **Segunda quincena de maio.**

### 15.

- *Lectura:* *La ola*, de Ricardo E. Pose, e *La niña que se va al mar*, de Rafael Alberti.
- *Vocabulario:* Comparacións.
- *Ortografía:* A diérese.
- *Gramática:* Comunidades bilingües.
- *Expresión escrita:* A poesía.
- *Expresión oral:* Recitar poemas. **Primeira quincena de xuño**

✚ **DATAS APROXIMADAS DAS PROBAS:** Unha cada dúas unidades didácticas.

#### ✚ **MÍNIMOS ESIXIBLES**

Distinguir aumentativos e coñecer a súa formación.

Escribir correctamente as formas dos verbos **haber, hacer e halar**.

Recoñecer o verbo e saber corresponder as distintas formas co infinitivo axeitado.

Identificar a estrutura dun relato.

Distinguir e formar palabras compostas.

Identificar correctamente os verbos rematados en **-aba, -abas...**

Identificar o presente, o pasado e o futuro dos verbos.  
 Recoñecer un texto explicativo.  
 Expoñer oralmente un tema.  
 Recoñecer palabras que pertencen á mesma familia léxica.  
 Escribir exemplos de verbos acabados en **-bir** e en **-vir**.  
 Completar oracións ás que lles falte o suxeito ou o predicado.  
 Describir o aspecto físico dunha persoa.  
 Recoñecer o significado común dun campo semántico.  
 A norma ortográfica dos verbos en **-ger** e en **-gir** e as súas excepcións.  
 Distinguir oracións enunciativas, interrogativas e exclamativas.  
 As normas de puntuación dos diálogos en relatos e obras de teatro.  
 Interpretar papeis dramáticos sinxelos.  
 Construír comparacións coa palabra como.  
 Relacionar o son **güe**, **güi** coa presenza da diérese.  
 Coñecer as comunidades bilingües de España.  
 Recoñecer algúns recursos poéticos.  
 Recitar poemas co ton axeitado.

## LINGUA GALEGA E LITERATURA

### 1.-CONTIDOS

#### 1.1 Primeira avaliación

##### 1.

- *Lectura: Eu busco palabras*
- *Expresión: Saúdos e presentacións.*
- *Vocabulario: Léxico referido á escola; o abecedario.*
- *Gramática: A letra e a palabra.*
- *Ortografía: O punto e a maiúscula. Última quincena de setembro e 1.ª semana de outubro.*

##### 2.

- *Lectura: Curiosos animais*
- *Expresión: Descrición de animais.*
- *Vocabulario: Léxico referido aos animais; os sinónimos.*
- *Gramática: A sílaba.*
- *Ortografía: A sílaba tónica e o guión. 2.ª, 3.ª e 4.ª semanas de outubro.*

##### 3.

- *Lectura: Bótame un feitizo*
- *Expresión: As instrucións.*
- *Vocabulario: Léxico referido ao outono; os antónimos.*
- *Gramática: A oración.*
- *Ortografía: A interrogación e a admiración. Primeira quincena de novembro.*

##### 4.

- *Lectura: Había unha vez...*
- *Expresión: O conto.*
- *Vocabulario: Léxico referido ás comidas; as palabras polisémicas.*
- *Gramática: O nome.*



- *Ortografía*: As maiúsculas; uso de *c* e *qu*. **Última quincena de novembro**

**5.**

- *Lectura*: *Tradicións de Nadal*
- *Expresión*: A noticia.
- *Vocabulario*: Léxico referido ao Nadal; as palabras comodín.
- *Gramática*: O adxectivo.
- *Ortografía*: A coma; uso de *r* e *rr*. **1.<sup>a</sup>, 2.<sup>a</sup> e 3.<sup>a</sup> semanas de decembro.**

✚ **DATAS APROXIMADAS DAS PROBAS**: Unha cada dúas unidades didácticas.

✚ **MÍNIMOS ESIXIBLES**:

- Saber o nome das letras e a súa orde alfabética.
- Distinguir as letras que forman unha palabra e separar palabras.
- Utilizar a maiúscula ao comezo dun escrito e detrás de punto.
- Recoñecer sinónimos de palabras dadas.
- Dividir correctamente palabras en sílabas e a final de liña.
- Identificar a sílaba tónica das palabras.
- Recoñecer antónimos de palabras dadas.
- Distinguir entre enunciados oracionais e non oracionais e identificar o verbo nas oracións.
- Recoñecer enunciados interrogativos e exclamativos.
- Identificar as características dun conto: feitos, personaxes e espazo.
- Recoñecer os distintos significados de palabras polisémicas.
- Identificar os nomes e diferenciar entre nomes comúns e propios.
- Utilizar correctamente as maiúsculas, e *c* e *qu*.
- Substituír palabras comodín por outras máis adecuadas.
- Identificar os adxectivos e establecer a correcta concordancia co nome.
- Utilizar correctamente a coma, así como *r* e *rr*.

## 1.2 Segunda avaliación

**6.**

- *Lectura*: *Un conto en verso*
- *Expresión*: A poesía.
- *Vocabulario*: Léxico referido ao inverno; palabras derivadas.
- *Gramática*: Xénero e número.
- *Ortografía*: O til diacrítico. **2.<sup>a</sup> e 3.<sup>a</sup> semanas de xaneiro.**

**7.**

- *Lectura*: *Dime como é*
- *Expresión*: Descrición de persoas.
- *Vocabulario*: Léxico referido ao corpo; frases feitas.
- *Gramática*: Os artigos.
- *Ortografía*: Palabras homófonas; uso de *c* e *z*. **Última semana de xaneiro e 1.<sup>a</sup> de febreiro.**

**8.**

- *Lectura*: *Falando enténdese a xente*
- *Expresión*: O diálogo.
- *Vocabulario*: Léxico referido ao tempo cronolóxico; palabras derivadas.

- *Gramática*: Os demostrativos.
- *Ortografía*: Palabras con *b*. **2.ª e 3.ª semanas de febreiro.**

**9.**

- *Lectura*: *Unha fada embruxada*
- *Expresión*: O cómic.
- *Vocabulario*: Léxico referido ás árbores; palabras derivadas.
- *Gramática*: Os posesivos e os numerais.
- *Ortografía*: Palabras con *h* e con *nh*. **Cuarta semana de febreiro e primeira semana de marzo.**

**de marzo.**

**10.**

- *Lectura*: *Un lugar para vivir.*
- *Expresión*: A exposición e o resumo.
- *Vocabulario*: Léxico referido á casa; os diminutivos.
- *Gramática*: Os pronomes persoais.
- *Ortografía*: Palabras con *g*; a diérese. **2ª e 3ª semanas de marzo.**

✚ **DATAS APROXIMADAS DAS PROBAS:** Unha proba cada dúas unidades didácticas.

✚ **MÍNIMOS ESIXIBLES:**

- Recoñecer a rima e a estrutura dun poema.
- Formar palabras novas mediante prefixos e sufixos.
- Identificar os morfemas de xénero e de número.
- Utilizar correctamente o til diacrítico.
- Recoñecer os artigos e distinguir entre determinados e indeterminados.
- Formar as contraccións do artigo.
- Escribir correctamente palabras homófonas.
- Utilizar con corrección palabras con *c* e con *z*.
- Formar palabras derivadas.
- Identificar os determinantes demostrativos e formar as súas contraccións.
- Escribir correctamente palabras con *b*.
- Formar palabras derivadas.
- Identificar as formas dos determinantes posesivos.
- Recoñecer os determinantes numerais e distinguir entre cardinais e ordinais.
- Escribir correctamente palabras con *h* e con *nh*.
- Formar diminutivos.
- Identificar as formas dos pronomes persoais tónicos.
- Escribir correctamente palabras co son [g] e palabras con diérese.

## 1.2 Terceira avaliación

**11.**

- *Lectura*: Xogamos coas nubes
- *Expresión*: Recitación e comparación.
- *Vocabulario*: Léxico referido aos xogos; as palabras compostas.
- *Gramática*: O verbo (conxugacións).
- *Ortografía*: Verbos con *b*. **1ª quincena de abril.**

**12.**

- *Expresión*: Descrición de lugares.
- *Vocabulario*: Léxico referido á primavera; os aumentativos.

- *Gramática*: O verbo (tempos verbais: pasado, presente, futuro).
- *Ortografía*: Verbos acabados en *-aba*. **2.ª quincena de abril**

### 13.

- *Lectura*: *Levántase o pano*
- *Expresión*: Anotacións e diálogo no texto teatral.
- *Vocabulario*: Léxico referido á vila; as familias léxicas.
- *Gramática*: Suxeito e predicado.
- *Ortografía*: Palabras con *x*. **1.ª quincena de maio.**

### 14.

- *Lectura*: *Que contas?*
- *Expresión*: As partes do conto.
- *Vocabulario*: Léxico referido aos oficios e profesións; o campo semántico.
- *Gramática*: Clases de oracións.
- *Ortografía*: Palabras con *v*. **2.ª quincena de maio.**

### 15.

- *Lectura*: *E colorín, colorete...* - *Expresión*: A carta.
- *Vocabulario*: Léxico referido ao verán; familia léxica e campo semántico.
- *Gramática*: A lingua e as linguas.
- *Ortografía*: Palabras con *i* e con *ll*. **1.ª quincena de xuño.**

🚦 **DATAS APROXIMADAS DAS PROBAS**: Unha proba cada dúas unidades didácticas.

### 🚦 MÍNIMOS ESIXIBLES:

- Formar comparacións.
- Construír palabras compostas.
- Clasificar os verbos segundo a conxugación.
- Escribir correctamente as formas dos verbos rematados en *-ber/-ver* e *-bir/-vir*, e as palabras que derivan deles.
- Formar aumentativos.
- Identificar o tempo (pasado, presente, futuro) das formas verbais.
- Escribir correctamente verbos rematados en *-aba*.
- Crear familias léxicas.
- Identificar o suxeito e o predicado dunha oración.
- Recoñecer o núcleo do suxeito e do predicado.
- Escribir correctamente palabras con *x*.
- Formar un campo semántico.
- Distinguir oracións segundo a súa modalidade: enunciativas, exclamativas e interrogativas.
- Escribir correctamente palabras con *v*.
- Escribir unha carta.
- Formar familias léxicas e campos semánticos.
- Recoñecer as linguas que se falan en Galicia e no resto de España.
- Escribir correctamente palabras con *i* e con *ll*.

# MATEMÁTICAS

## 1.-CONTIDOS

### 1.1 Primeira avaliación

1. (1ª quincena de outubro)

**NÚMEROS DE TRES CIFRAS**

2. (2ª quincena de outubro)

**NÚMEROS DE CATRO E CINCO CIFRAS**

3. (1ª quincena de novembro)

**SUMA**

4. (2ª quincena de novembro)

**RESTA**

5. (1ª quincena de decembro)

**RECTAS E ÁNGULOS**

✚ **DATAS APROXIMADAS DAS PROBAS:** Unha proba cada dúas unidades didácticas.

✚ **MÍNIMOS ESIXIBLES:**

Le, escribe e descompón números de tres cifras.

Forma números de tres cifras a partir das súas ordes.

Calcula o valor posicional das cifras dun número de tres cifras.

Ordena e compara números de tres cifras.

Utiliza os números ordinais.

Resolve problemas aplicando catro pasos.

Le, escribe e descompón números de catro e de cinco cifras.

Forma números de catro e de cinco cifras a partir das súas ordes.

Calcula o valor posicional das cifras de números de catro e de cinco cifras.

Compara e ordena números de catro e de cinco cifras.

Aproxima un número á decena, á centena ou ao millar máis próximo tendo en conta o seu número de cifras.

Resolve problemas detectando o dato que sobra.

Nomea e identifica os termos dunha suma.

Realiza sumas de dous ou tres sumandos sen levar e levando con números de ata cinco cifras.

Resolve situacións problemáticas utilizando a suma.

Realiza estimacións de sumas, aproximando correctamente os sumandos segundo o seu número de cifras.

Coñece e coloca correctamente os termos da resta.

Calcula restas sen levar e levando con números de ata cinco cifras.

Aplica a proba da resta como mecanismo de comprobación.

Calcula o minuendo dunha resta.  
Resolve problemas de dúas operacións.  
Reconstrúe o enunciado dun problema ordenando oracións.  
Diferencia liñas rectas, curvas e poligonais.  
Identifica e traza rectas secantes, paralelas e segmentos.  
Coñece as partes dun ángulo e clasifícao.  
Compara ángulos a partir dun ángulo recto e clasifícaos en agudos, rectos e obtusos.  
Recoñece rectas perpendiculares.

## 1.2 Segunda avaliación

6. (2ª e 3ª semanas de xaneiro)

### MULTIPLICACIÓN

7. (4ª semana de xaneiro e 1ª de febreiro)

### PRÁCTICA DA MULTIPLICACIÓN

8. (2ª e 3ª semanas de febreiro)

### FIGURAS PLANAS

9. (4ª semana de febreiro e 1ª de marzo)

### DIVISIÓN

10. (2ª e 3ª semanas de marzo)

### PRÁCTICA DA DIVISIÓN

 **DATAS APROXIMADAS DAS PROBAS:** Unha proba cada dúas unidades didácticas.

 **MÍNIMOS ESIXIBLES:**

Identifica a multiplicación como unha suma de sumandos iguais.  
Recoñece os termos dunha multiplicación.  
Coñece e manexa as táboas de multiplicar.  
Recoñece que, ao cambiar a orde dos factores, o produto non varía.  
Calcula multiplicacións por unha cifra sen levar.  
Calcula o dobre e o triplo dun número, e aplícaos en situacións reais.  
Calcula multiplicacións por unha cifra levando unha ou varias veces.  
Estimar produtos aproximando un factor.  
Resolve problemas con multiplicacións aproximando un dos factores.  
Resolve problemas de dúas operacións nas que unha delas é unha multiplicación.  
Recoñece un polígono e identifica os seus elementos.  
Clasifica polígonos segundo o seu número de lados, ata o hexágono.  
Traza polígonos coa regra.  
Clasifica triángulos segundo os seus lados en equiláteros, isósceles e escalenos.  
Recoñece a diferenza entre circunferencia e círculo.  
Nomea os elementos do círculo e da circunferencia.

Traza circunferencias co compás.  
Relaciona a división como unha repartición en partes iguais.  
Identifica os termos da división: dividendo, divisor, cociente e resto.  
Distingue entre división exacta e enteira.  
Calcula divisións.  
Aplica a proba da división para comprobar a corrección dos seus cálculos.  
Calcula a metade, o terzo e o cuarto dun número dado.  
Elixe os cálculos correctos entre varios dados para resolver un problema.  
Aplica o algoritmo da división e realiza a proba.  
Realiza divisións co divisor dunha cifra e a primeira cifra do dividendo maior, igual ou menor que o divisor.  
Calcula divisións nas que aparecen ceros no cociente.  
Resolve problemas aplicando dúas ou máis operacións, sendo unha delas unha división.

## 1.2 Terceira avaliación

11. (1ª quincena de abril)

**LONXITUDE**

12. (2ª quincena de abril)

**CAPACIDADE E MASA**

13. (1ª quincena de maio)

**TEMPO E DIÑEIRO**

14. (2ª quincena de maio)

**PERÍMETRO E ÁREA**

15. (1ª quincena de xuño)

**CORPOS XEOMÉTRICOS**

 **DATAS APROXIMADAS DAS PROBAS:** Unha proba cada dúas unidades didácticas.

 **MÍNIMOS ESIXIBLES:**

Identifica o metro como unidade principal de lonxitude.

Recoñece e utiliza as unidades de lonxitude e as súas abreviaturas.

Elixe a unidade máis adecuada para medir a lonxitude de obxectos ou distancias.

Establece equivalencias entre as distintas unidades de lonxitude.

Mide lonxitudes coa regra ou a cinta métrica.

Estima lonxitudes de obxectos ou distancias cotiás.

Resolve problemas con unidades de lonxitude.

Identifica o litro e o quilogramo como unidades principais de capacidade e masa.

Recoñece unidades de capacidade e masa e as súas abreviaturas (l, kg e g).

Utiliza as equivalencias correspondentes entre un litro, medio litro e cuarto de litro; un quilo, medio quilo e cuarto de quilo e entre o quilo e o gramo.

Resolve problemas con unidades de capacidade e de masa.  
Le e representa as horas en reloxos analóxicos e dixitais.  
Establece relacións entre as horas expresadas en reloxos analóxicos e dixitais.  
Resolve problemas utilizando as horas en reloxos analóxicos e dixitais.  
Coñece as moedas e os billetes ata 100 euros do sistema monetario actual.  
Expresa cantidades en euros e céntimos.  
Resolve problemas utilizando moedas e billetes.  
Mide os lados dun polígono e calcula o seu perímetro.  
Calcula a área dun polígono, tomando como unidade de medida un cadrado unidade.  
Debuxa polígonos sobre cuadrícula a partir dunha área dada.  
Recoñece e debuxa figuras simétricas respecto dun eixe de simetría sobre cuadrícula.  
Recoñece e debuxa a figura trasladada a unha dada sobre cuadrícula.  
Representa os datos dun problema cun debuxo e resólveo.  
Recoñece e diferencia prismas e pirámides.  
Identifica as bases e as caras laterais en prismas e pirámides.  
Clasifica e nomea prismas e pirámides segundo o polígono da súa base.  
Recoñece e diferencia corpos redondos: cilindro, cono e esfera, e identifica as súas bases.

## 4º PRIMARIA

### COÑECEMENTO DO MEDIO

#### 1.-CONTIDOS

##### 1.1 Primeira avaliación

- 1: O NOSO CORPO POR DENTRO.** 1.<sup>a</sup> quincena de outubro.
- 2: A SAÚDE.** 2.<sup>a</sup> quincena de outubro.
- 3: AS PLANTAS.** 1.<sup>a</sup> quincena de novembro.
- 4: OS MINERAIS, AS ROCHAS E O SOLO.** 2.<sup>a</sup> quincena de novembro.
- 5: OS ECOSISTEMAS.** 1.<sup>a</sup> quincena de decembro.

 **DATAS APROXIMADAS DAS PROBAS:** Unha proba cada dúas unidades didácticas.

 **MÍNIMOS ESIXIBLES:**

Sabe en que consiste a dixestión e coñece algúns órganos do aparato dixestivo.

Sabe en que consiste a respiración e coñece algúns órganos do aparato respiratorio.

Sabe en que consiste a circulación do sangue e coñece algúns órganos do aparato circulatorio.

Sabe que hábitos como o deporte, a dieta sa, o descanso, a postura correcta das costas ou a hixiene son beneficiosos para a saúde.

Coñece os principais tipos de nutrientes, así como o que cada un deles lle achega ao noso organismo.

Entende que unha dieta sa debe ser equilibrada e suficiente.

Sabe que a raíz é a parte enterrada das plantas e coñece algúns tipos.

Sabe que o talo é a parte da planta que sobresa da terra e que pode ser herbáceo ou leñoso.

Sabe que as follas son as partes verdes das plantas.

Sabe que son as rochas e que están formadas por minerais.

Sabe que son os minerais e coñece as súas principais propiedades e utilidades.

Sabe que é o solo, como se forma e cales son os seus principais compoñentes.

Sabe que un ecosistema está formado por un lugar e os seres vivos que viven nel.

Coñece algúns ecosistemas terrestres e acuáticos.

Comprende como se producen as relacións entre seres vivos dentro dun ecosistema e coñece a diferenza entre produtores e consumidores, e relacións de competencia e de cooperación.

## 1.2 Segunda avaliación

**6: A MATERIA.** 2.<sup>a</sup> e 3.<sup>a</sup> semana de xaneiro.

**7: AS FORZAS E A ENERXÍA.** Última semana de xaneiro e 1.<sup>a</sup> semana de febreiro

**8: A LUZ.** 2.<sup>a</sup> e 3.<sup>a</sup> semanas de febreiro

**9: O TERRITORIO ONDE VIVIMOS.** Última semana de febreiro e 1.<sup>a</sup> semana de marzo.

**10: AS PAISAXES.** 2.<sup>a</sup> e 3.<sup>a</sup> semanas de marzo

 **DATAS APROXIMADAS DAS PROBAS.** Unha cada dúas unidades didácticas

 **MÍNIMOS ESIXIBLES:**



Coñece os tres estados da materia e que, para pasar dun a outro, a materia ten que quecer ou arrefriar.

Comprende que, cando dúas substancias se unen, fórmase unha mestura.

Coñece algúns cambios químicos da materia, como as oxidacións e as combustións.

Sabe que é a enerxía e coñece os tipos máis importantes.

Sabe que a enerxía se pode transformar dunha enerxía noutra.

Sabe que son as fontes de enerxía e distingue entre renovables e non-renovables.

Comprende e explica que son a refracción e a reflexión da luz.

Utiliza un procesador de textos para redactar un borrador.

Sabe que a luz está formada por luz de todas as cores, e que as súas cores básicas son o verde, o vermello e o azul.

Sabe que é unha localidade, un municipio, unha comarca, unha provincia e unha Comunidade Autónoma.

Coñece como está organizado o territorio de España.

